BOLSAS DE ESTUDO

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

As bolsas dedícanse a apoiar a investigación realizada, en Portugal, por individuos estranxeiros no ámbito doutal ou para a publicación dun libro sobre temas de Cultura Portuguesa nas áreas de: Literatura, Historia da Arte e Ciencia Política.

FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBEKIAN. INVESTIGAÇÃO PARA ESTRANGEIROS

Requisitos

- Para admisión ao concurso, os demandantes deben anexar á candidatura online:
- Ser estranxeiro e estar en posesión dun título universitario.
- CV
- Plan de traballo estruturado, que defina, clara e concretamente, o tema da investigación ou especialización pretendidas e os obxectivos visados.
- Acceso a universidade de destino asegurado.
- Documento dun experto apoiando o proxecto.
- Documento emitido pola institución da que o demandante dependa e/ou por dúas persoas de recoñecida idoneidade no ámbito académico (ou profesional).
- Para as bolsas relativas a publicación do libro, o compromiso do editor de publicar a obra nun prazo inferior a 24 meses dende a finalización da bolsa.
- Documento de identificación do demandante.

Lugar

Universidade ou centro centro de investigación portugués.

Prazos de solicitude

Primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en: http://www.gulbekian.pt

Duración e contía

10 meses, contía variable.

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

Dende o Ministerio da Educação e a Ciência, a FCT ofrece bolsas para investigadores que pretendan desenvolver proxectos de I+D para obter o seu doutoramento ou proseguir a investigación posdoutoral en unidades de investigación nacionais ou internacionais en calquera eido de coñecemento.

FUNDAÇÃO PARA A CIÊNCIA E A TECNOLOGIA. BOLSAS PARA DOUTORAMENTO E POSDOUTORAMENTO

Requisitos

- Candidatos Nacionais, da UE ou de terceiros países residentes en Portugal.
- Licenciatura pre Boloña e máster.
- Pre ou pos Boloña cunha media de 14 ou superior.
- Non ter sido beneficiado anteriormente ou desfrutar doutra beca durante o periodo de estadía.
- Para o posdoutoramento é tamén necesario ter publicado un traballo orixinal e ter indicadores de alta productividade científica.

Lugar

Centros de investigación nacionais ou internacionais

Prazos de solicitude

Para o 2019 a partires do 28 de febreiro.

Proceso de selección

Máis información en: fct.pt

Duración e contía

A contía varía dependendo de diferentes condicións

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

O MAEC e a AECID convocan anualmente un programa xeral de bolsas destinadas a cidadáns estranxeiros e españois para formarse en universidades e centros de investigación foráneos.

Tipos de bolsas:

- Bolsas para prácticas de deseño gráfico e campañas de comunicación de estratexias e programas culturais.
- Bolsas para a cooperación cultural en España e noutros países dirixidos a españois e estranxeiros.

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN – AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL E DESENVOLVEMENTO. BOLSAS

Requisitos

- Ter nacionalidade española, ou doutro estado da Unión Europea con residencia en España.
- Non ter sido beneficiario de ningún programa da convocatoria de bolsas MAEC-AECID, de seis ou máis meses, nin da Fundación Carolina nos últimos tres anos.
- Posuír o pasaporte nacional con validez mínima de seis meses.
- Posuír a titulación necesaria que se requira legalmente para cursar os estudos escollidos no momento de solicitar a bolsa.
- Presentar a carta de admisión do centro de destino solicitado.
- Non superar os 30 anos de idade no caso das bolsas de cooperación e xestión cultural nin 35 anos no das.
- Para os cidadáns de países cuxa lingua oficial non sexa o español, poder acreditar coñecemento do castelán. Para os españois será necesario demostrar o coñecemento da lingua estranxeira correspondente.

Lugar

Será en España para os estranxeiros, e calquera outro destino no mundo para os españois, sempre que se cumpran os requisitos da convocatoria (BOE).

Prazos de solicitude

Os prazos de solicitude varían segundo a convocatoria.

Proceso de selección

A valoración das solicitudes, que poderá incluír entrevista persoal co solicitante, tomará en consideración os seguintes criterios:

- Currículo académico- profesional do solicitante.
- Relación da motivación exposta coas prioridades xeográficas e sectoriais da cooperación española (bolsas para a cooperación cultural).
- Coñecemento de idiomas relevantes na área á que pertenza o destino solicitado (bolsas para a cooperación cultural).
- Avais do solicitante por parte de dúas personalidades académicas ou institucionais.

Para máis información: aecid.gob.es

Duración e contía

A duración é dun ano, prorrogable por outro ano máis, e a contía depende da bolsa elixida.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

A Fundación Alexander von Humboldt concede bolsas de investigación a mozos investigadores altamente cualificados que finalizasen os seus estudos de doutoramento para o desenvolvemento dun proxecto de investigación concreto nunha universidade ou outro centro de investigación de Alemaña.

FUNDACIÓN ALEXANDER VON HUMBOLDT. BOLSAS DE INVESTIGACIÓN

Requisitos

- Ter finalizado os estudos de doutoramento nos últimos 4 anos.
- Ter coñecementos de alemán ou inglés.

Lugar

Nunha universidade ou outro centro de investigación da Alemaña.

Prazos de solicitude

A convocatoria está aberta todo o ano.

Proceso de selección

Para máis información: http://humboldt-foundation.de; cef.pucp.edu.pe.

Duración e contía

A duración varía entre 6 meses e 2 anos.
A contía é de 2650 euros base ao mes máis beneficios adicionais dependendo de algunhas características persoais.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

A Universidade de Paris-Saclay gustaríalle promover o acceso ao seu máster a estudantes internacionais, en especial para aqueles que desexen desenvolver un proxecto académico a través da investigación ata o nivel de doutoramento. Estas bolsas serán impartidas nos seus establecementos.

Outorgáranse 170 bolsas para o ano académico 2018-2019, para estudantes cun nivel M1 ou M2

170 BOLSAS PARA CURSAR ESTUDOS DE MÁSTER EN LA UNIVERSIDAD PARIS-SACLAY (FRANCIA)

Requisitos

- Os solicitantes non deberán superar os 30 anos de idade.
- Aqueles estudantes extranxeiros que vivan en Francia,por un tempo non superior a un ano e que se atopen cursando clases de idiomas, que non sexan elixibles para un grado (tipo FLE).
- A bolsa non pode acumularse con calquera outro tipo de bolsa cuxo importe supere

Lugar

Universidade de Paris-Saclay

Prazos de solicitude

- A primeira fase remata o 29 de febreiro.
- A segunda fase remata o 21 de Abril.

Proceso de selección

Máis información: universite-paris-saclay.fr

Duración e contía

- Os beneficiarios da bolsa recibirán unha dotación de 10000 € por un período non inferior a 10 meses.
- E un máximo de 1000 € para gastos de viaxe e visa en función do País de orixe do candidato.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

A Fundación Pedro Barrié de la Maza e a Fundación Amancio Ortega convocan anualmente bolsas para que os alumnos e alumnas de 4º da ESO poidan realizar os seus estudos nun instituto de Estados Unidos.

FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA E FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA. BOLSAS HIGH SCHOOL

Requisitos

- Requisitos: estar cursando a educación secundaria nun centro galego e obter en 3º da ESO unha nota media mínima maior a 7,5 e unha nota mínima en inglés de 7.
- As Bolsas High School inclúen a formación nas fases previas á saída, os traslados e a convalidación dos estudos realizados no estranxeiro; ademais, achegan unha pequena cantidade para gastos menores.

Lugar

Estados Unidos.

Prazos de solicitude

Normalmente nos meses de outubro e novembro.

Proceso de selección

As solicitudes presentadas valoraranse segundo o expediente académico e as circunstancias familiares. Ademais, deberase realizar unha proba específica de inglés e unha entrevista persoal.
Para máis información:
becashighschool.org

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

O programa de formación para estudantes "O Futuro das TIC" é unha iniciativa de Huawei España enmarcada dentro do proxecto global da compañía "Seeds for the Future". O programa, que comezouse a desenvolver en España en 2013, ofrece bolsas para 15 estudantes, que realizarán unha estancia formativa na sede central de Huawei en Shenzhen (China).

O FUTURO DAS TIC: BOLSAS HUAWEI PARA ESTUDANTES DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA OU TELECOMUNICACIÓNS

Requisitos

O programa está dirixido a estudantes universitarios que:
1. Teñan pasaporte español.
2. Estean matriculados en 2º ou 3º curso de estudos universitarios de Enxeñería de Telecomunicacións ou Enxeñería Informática.
3. Teñan entre 19 e 25 anos.

Ademais, os candidatos deberán adxuntar:
- Unha presentación onde desenvolvan unha idea orixinal en torno a "O Futuro das TIC". O concepto creativo deberá enfocarse cara temas relativos a como a tecnoloxía pode axudar á sociedade do futuro, cara onde van evolucionar as TIC ou que tendencias poden xurdir nos próximos anos. A idea podera presentarse cun vídeo en YouTube,com cunha duración máxima de dous minutos.
-Un currículum vitae (formato libre) onde se explique a traxectoria académica do estudante. Cando lle sexa solicitado, o estudante deberá adxuntar os certificados que acrediten os logros e méritos especificados no CV.
-Unha carta de motivación cunha extensión mínima de 300 palabras explicando as razones polas que o candidato é adecuado para o programa.

Lugar

Sede central de Huawei en Shenzhen (China).

Prazos de solicitude

Ata o 12 de xuño de 2016.

Proceso de selección

Os criterios de avaliación serán:
• 50% - Idea desenvolvida: orixinalidade, creatividade e innovación.
• 30% - Carta de motivación: interese demostrado por participar no programa.
• 20% - CV: méritos e traxectoria académica.

Para máis información: elfuturodelastic.com

Duración e contía

Concederanse 15 bolsas que cubrirán na súa totalidade os gastos do programa formativo en China cunha duración aproximada de dúas semanas. Durante ese periodo de tempo, os alumnos asistirán a un curso de formación dunha semana baseado no campo das Telecomunicacións e a Investigación tecnolóxica na central de Huawei, en Shenzhen (China). O programa desenvolverase íntegramente en China ó longo do mes de xullo de 2016.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

A Fundación Amancio Ortega co ánimo de apoiar a xoves estudantes, decidiu poñer en marcha un Programa de bolsas para alumnos do sistema educativo de España, interesados en estudar en Canadá un ano escolar equivalente ó Primeiro Ano de Bacharelato.

FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA. PROGRAMA DE BOLSAS DE BACHARELATO ESTUDA EN CANADÁ

Requisitos

- Estar inscrito como alumno de 4º da ESO nun Centro de Ensinanza de calquera Comunidade (ou Cidade) Autónoma do territorio español no momento de presentar a solicitude de participación. Non poderán participar os alumnos matriculados nun centro de ensinanza de titularidade estranxeira radicado en España.
- Nota media igual ou superior a 8,00 puntos en terceiro de ESO.
- Nota final da materia de inglés en terceiro de ESO, igual o superior a 8,00 puntos.
- Enviar o formulario de inscrición debidamente cumprimentado coa documentación requirida a través da páxina web.
- Non ter desfrutado con anterioridade dun ano académico no estranxeiro, durante ningún dos cursos equivalentes a 1º, 2º o 3º de ESO, con independencia do país no que se estudara dito curso.
- Documentación a aportar: certificado de notas de 3º da ESO e certificado de renda.

Lugar

Centros educativos “High School” nas provincias canadienses Alberta, British Columbia, Nova Scotia, Ontario e Manitoba.

Prazos de solicitude

Segundo semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en:
becas.faortega.org

Duración e contía

As bolsas terán lugar durante un curso escolar (10 meses dende agosto a xuño).
A contía abarca diversos conceptos: Axuda monetaria para gastos menores, que se aboarán mensualmente ó alumno, unha vez que comece os estudos en Canadá; seguro de asistencia sanitaria e responsabilidade civil; e viaxes e desprazamentos dende a poboación de destino en Canadá ata o lugar de orixe en España.

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

Nova SBE quere que ningunha persoa con dificuldades económicas quede fora dos seus prestixiosos programas de mestrado.

NOVA SCHOOL OF BUSINESS & ECONOMICS. BOLSAS PARA ESTUDO DE MÁSTERS

Requisitos

- Comprobante de estudos.
- Documentación de identidade.
- Presentar CV.
- Carta de presentación (motivación).
- Xustificación da necesidade de financiación.

Lugar

Estudo de mestrado na Nova SBE

Prazos de solicitude

Primeiro trimestre do ano

Proceso de selección

Máis información en: novasbe.unl.pt

Duración e contía

A contía varía segundo o orzamento dispoñible

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

O Instituto Camões ofrece distintas modalidades de becas para estudantes estranxeiros ou portugueses residentes no exterior. As bolsas concédense para a asistencia a cursos anuais de lingua e literatura portuguesa, para cursos de verán, para proxectos de investigación de estudantes e de investigadores profesionais e para traductores e intérpretes.

INSTITUTO CAMÕES. BOLSAS PARA CURSOS ANUAIS DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESAS

Requisitos

- Comprobante das acreditacións literarias.
- Cartas de presentación por dúas persoas de recoñecida idoneidade, preferentemente profesores universitarios, que acredite as súas cualidades e adecuación aos obxectivos do programa en cuestión.
- Dúas fotografías.
- Carta de motivación do interesado sobre as razóns que o levaron a efectuar esta candidatura e o impacto que o estudo en Portugal podría ter no seu percorrido profesional e na difusión da lingua e da cultura portuguesa no seu país de orixe (mínimo 400 carácteres).
- Documento acreditativo da situación de estar ao día coas contribucións a Seguridade Social en Portugal ou, se fose o caso, no Estado no cal residan.
- Documento acreditativo da situación regularizada en relación aos Impostos debidos en Portugal ou no Estado no cal residan.

Lugar

Universidades portuguesas

Prazos de solicitude

Segundo trimestre do ano

Proceso de selección

Máis información en: instituto-camoes.pt

Duración e contía

A duración e contías varían segundo o programa.

- Cursos anuais de lingua e cultura portuguesa: 8 meses, 825 euros aos mes.
- Cursos de verán de lingua e cultura portuguesa: 1 mes, 500 euros ao mes.
- Programa Vieira: Duración variable segundo o proxecto, 500 euros ao mes.
- Programas Investigação e Fernão Mendes Pinto: 12 meses, 500 euros ao mes.
- Programa Pessoa: Variable segundo o proxecto, 650 euros ao mes.

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

O Programa de Formación ten como obxectivos facilitar e promover a ampliación de estudos de licenciados universitarios, así como a especialización e actualización de coñecementos de posgraduados, profesores, investigadores, artistas e profesionais procedentes dos países de América Latina membros da Comunidade Iberoamericana de Nacións e Portugal.

FUNDACIÓN CAROLINA. BOLSAS DE POSGRAO

Requisitos

- Ser nacional dalgún país de América Latina membro da Comunidad Iberoamericana de Naciones ou de Portugal.
- Non residir en España.
- Dispor dunha dirección de correo electrónico.
- Estar en posesión dun título superior universitario correspondiente ás áreas de estudo da temática do máster.
- Coñecemento do idioma inglés elevado para os programas neste idioma.
- Candidato poderá presentar ata un máximo de cinco solicitudes para a oferta de bolsas de posgrao. Así mesmo, ditas solicitudes deberán ir priorizadas na aplicación.
- A solicitude realizarase en liña que atopará nesta páxina web deberá estar debidamente cumprimentada.
- A Institución Académica responsable do programa realizará unha preselección de candidatos.
- Os candidatos propostos polo Comité poderán ser convocados a unha entrevista por videoconferencia.
- No caso de resultar beneficiario dunha bolsa, seralle solicitada a documentación.

Lugar

Másters de distintas disciplinas en España que estean incluidos na convocatoria da Fundación Carolina.

Prazos de solicitude

Último trimestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en: fundacioncarolina.es

Duración e contía

As contías varían segundo o programa pero inclúen unha axuda de matrícula (parcial), billete de avión de ida e volta e.nalgúns casos aloxamento e manutención.

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

Dende o Ministerio da Educação e a Ciência, a FCT ofrece bolsas a doutorados portugueses cun currículum de elevado mérito científico para realizar proxectos de investigación en laboratorios dos NIH en Estados Unidos.

FUNDAÇÃO PARA A CIÊNCIA E A TECNOLOGIA. BOLSAS PARA NATIONAL INSTITUTES OF HEALTH (USA)

Requisitos

- Ter nacionalidade portuguesa.
- Grao de doutor dende polo menos 3 anos e ter vivido en Portugal nos últimos 2.
- Autor ou coautor de artigos en revistas internacionais de investigación.
- Aceptación das condicións dos NIH.
- Non ter sido beneficiados anteriormente ou desfrutar doutra beca durante o periodo de estadía.
- Xustificación da necesidade de financiación.

Lugar

Diferentes NIH en Estados Unidos

Prazos de solicitude

Segundo trimestre do ano

Proceso de selección

Máis información en: fct.pt

Duración e contía

A contía varía dependendo de diferentes condicións

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

A Fundación Oriente concede bolsas de estudo para a realización de teses de doutoramento e de traballos de investigación en temas relacionados co Extremo Oriente e Portugal nas áreas das Ciencias Sociais e Humanas dándose prioridade a temáticas relacionadas coas coleccións do Museo do Oriente.

FUNDAÇÃO ORIENTE BOLSAS DE INVESTIGAÇÃO E DOUTORAMENTO

Requisitos

Para optar as bolsas, os solicitantes non deben ter sido beneficiarios doutra para a mesma finalidade e deben cubrir e entregar un formulário acompañado dos seguintes documentos:

- Curriculum vitae.
- Certificacións académicas na área en que se presentan a candidatura ou copias autenticadas.
- Plan de traballo debidamente estruturado e pormenorizado, coa indicación do tempo que se considera necesario para a súa realización.
- Documento de aceptación da supervisión da proposta de traballo.
- Curriculum Vitae resumido do supervisor.
- Documento de aceptación e/ou inscrición na correspondente institución.
- Dúas cartas de recomendación do candidato e o proxecto.

Lugar

Universidade ou centro investigador e Fundaçao Oriente.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en: foriente.pt

Duración e contía

A duración da bolsa é de 12 meses, podendo ser renovada ata un máximo de 36 meses.
O valor mensual da bolsa é fixado anualmente pola Fundación e varía en función do grao académico do bolseiro.

2. Bolsas de estudo
2.2. Bolsas relacionadas con Portugal

As bolsas están destinadas o desenvolvemento de proxectos de especialización académica, creación artística ou investigación teórica pero tamén a valorización e actualización profesional (campo considerado prioritario).

FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBEKIAN. ESPECIALIZAÇÃO E VALORIZAÇÃO PROFISSIONAL EM ARTES

Requisitos

- Licenciados/ graduaos ou profesionais cun currículum relevante.
- Nacionalidad portuguesa o estranxeiros residentes en Portugal.
- Non ter sido beneficiario doutra beca para o mesmo fin.
- Ter realizados xa traballos na especialidade para a que pide a bolsa.
- Demostrar a inexistencia dos cursos no país.

Lugar

Universidade ou centro investigador no estranxeiro.

Prazos de solicitude

Primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en: http://www.gulbekian.pt

Duración e contía

Doce meses máximo, contía variable.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

Esta modalidade de bolsas ofrece ós novos científicos estranxeiros a posibilidade de realizar un proxecto de investigación ou de perfeccionamento científico, xa que o seu obxectivo principal é a promoción de teses doutorais.

ALEMAÑA. SERVICIO ALEMÁN DE INTERCAMBIO ACADÉMICO (DAAD). BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA DOCTORADOS E FUTUROS CIENTÍFICOS

Requisitos

- Os candidatos deben figurar entre os mozos graduados máis cualificados do seu país que estean en posesión dun título de Licenciado, Diplomado, Máster ou do doutorado no momento de empezar a desfrutar da bolsa.
- Os solicitantes que aspiren a obter o doutorado no seu país de procedencia deberían dispoñer da confirmación de admisión correspondente da súa universidade de orixe.Os solicitantes que teñan a intención de doutorarse no marco dun programa de doutorado estruturado deberán presentar un certificado de admisión ou, a lo menos, un documento que acredite que se considerará a súa admisión.
- Unha carta de confirmación que asegure o asesoramento científico en Alemaña e que se refira explicitamente ó proxecto proposto polo candidato.
- Ademais do aproveitamento dos estudos anteriores, o criterio de selección máis importante é un proxecto de investigación ou de perfeccionamento científico convincente e ben planificado que se debe acordar previamente cun asesor científico do centro superior alemán previsto.
- Coñecementos de alemán cuxo nivel de perfeccionamento depende tanto do proxecto e da especialidade do candidato como das posibilidades de aprender alemán no seu país de orixe. No momento de solicitar a bolsa non deben ter transcorrido máis de seis anos dende a obtención da última titulación.

Lugar

En centros de ensinanza superior públicos o nunha entidade de investigación non universitaria oficialmente recoñecidos por Alemaña.

Prazos de solicitude

Ata o 1 de decembro de cada ano.

Proceso de selección

Máis información en: http://www.daad.de/en/

Duración e contía

A comisión de bolsas fixará a duración da axuda no momento da adxudicación da bolsa. Segundo o proxecto e o plan de traballo do solicitante pode ser por regra xeral de 1 a 10 meses; para a realización do doutorado completo pode ser tres anos e catro anos en casos excepcionais.
A contía da bolsa comprende: unha cantidade mensual que varía segundo o nivel de formación do bolseiro, de 750 euros (para graduados en posesión do primeiro título) ou 1.000 euros (para doutorandos), determinadas prestacións para o seguro de enfermidade en Alemaña e unha cantidade fixa apropiada para os gastos de viaxe a non ser que estean cubertos polo país de orixe ou outra fonte financeira.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

As bolsas Endeavour Postgraduate Scholarship son un programa do Goberno australiano a estudantes estranxeiros que desexen cursar estudos de posgrao, máster e doutorado, en universidades australianas.

AUSTRALIA BOLSAS ENDEAVOUR POSTGRADUATE SCHOLARSHIP

Requisitos

- Ter máis de 18 anos.
- Ser cidadán ou residente dun dos países participantes.
- Comezar o programa entre xaneiro e novembro.
- Non ter recibido unha axuda do goberno australiano para o mesmo fin.
- Bo expediente académico.
- Memoria persoal e do proxecto no que se demostre a capacidade do candidato, como influirá estudar en Australia e o impacto do proxecto na comunidade.

Lugar

Universidades australianas

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Máis información: http://internationaleducation.gov.au

Duración e contía

As bolsas terán unha duración de 2 anos (máster) e 4 (doctorado).
A contía inclúe 3.000 dólares australianos para o viaxe, 4.000 para o establecemento, 15.000 dólares australianos por semestre para gastos de matrícula, seguro de viaxe e saúde.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

O Banco de España convoca bolsas de mobilidade para cursar estudios de master sobre temas de economía en universidades españolas e estranxeiras.

BANCO DE ESPAÑA. BOLSAS PARA ESTUDOS DE POSGRAO

Requisitos

- Ter a nacionalidade española.
- Estar en posesión dun título de licenciatura, grao ou equivalente estranxeiro. Admitirase tamén estudantes de último curso.
- Coñecementos da lingua no que se impartan os estudos.

Lugar

En centros de España ou do estranxeiro.
Inclúese a opción dun período entre xuño e setembro na sede do BDE en Madrid.

Prazos de solicitude

No derradeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Aplicación da solicitude en liña e a realización dunha entrevista persoal presencial.

Para máis información: bde.es

Duración e contía

Duración inicial dun ano prorrogable por outro ano.
Gastos de inscrición no master, ata 20.000 euros para estudos no estranxeiro e 15.000 euros para estudos en España, ata 3.000 para a realización da estancia na sede do BDE e 800 euros para a realización de seminarios.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

Esta convocatoria forma parte do Programa Internacional de Bolsas Iberoamérica Estudantes de Grao do Banco Santander, no que participan universidades de Arxentina, Brasil, España, Chile, Colombia, México, Perú, Portugal, Porto Rico y Uruguai. En particular, a Convocatoria en España diríxese a estudantes de grao en universidades españolas, que poderán realizar estancias en diferentes universidades de Iberoamérica contribuíndo así ó desenvolvemento e á consolidación do Espazo Iberoamericano do Coñecemento.

BANCO SANTANDER UNIVERSIDADES BOLSAS IBEROAMÉRICA. ESTUDIANTES DE GRAO.

Requisitos

- Deberán ser estudantes matriculados nalgunha das Universidades Participantes no Programa e cursar estudos de grado ou licenciatura, que xa realizaran a lo menos a metade dos créditos ou superado os dous primeiros cursos dos seus estudos.
- Deberán, en todo caso, cumprir os criterios de elixibilidade, condicións e procedementos establecidos pola universidade no correspondente proceso de selección.
- O estudante que sexa seleccionado para desfrutar dunha bolsa terá que contratar de maneira obrigatoria un seguro especial.

Lugar

Varias universidades de Iberoamérica.

Prazos de solicitude

Primeiro semestre do ano.

Proceso de selección

Cada unha das Universidades Participantes será a responsable, en todos os seus termos, de xestionar a correspondente convocatoria das bolsas que lle sexan asignadas.
Será requisito imprescindible para permitir a participación dos estudantes nos procesos de selección de beneficiarios, a súa inscrición a través da páxina web do banco Santander.

Para máis información: becas-santander.com

Duración e contía

A duración é dun un semestre académico.
A contía será de 3.000 euros ou o importe equivalente en dólares estadounidenses na data de entrega.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

Estas bolsas facilitan a mobilidade de novos investigadores e profesores universitarios entre universidades e centros de investigación iberoamericanos. Os países de destino son: Nicaragua, República Dominicana, Chile, Puerto Rico, Uruguai, Paraguai, Bolivia, Costa Rica, Ecuador, O Salvador, Honduras, Arxentina, Brasil, Colombia, México, Perú, Portugal, Venezuela, Cuba, Guatemala, Panamá.

BANCO SANTANDER UNIVERSIDADES BOLSAS IBEROAMÉRICA. NOVOS PROFESORES, INVESTIGADORES E ALUMNOS DE DOUTORAMENTO.

Requisitos

Esta dirixida a aumentar o Coñecemento de América Latina, estes subsidios apoian novos profesores e investigadores e doutorados de universidades españolas interesadas en perseguir unha estadía académica nalgunha Universidade Iberoamericana. Nesta edición, poden aplicar a bolsa os estudantes de doutoramento que desexen desenvolver unha estadía como actividade complementaria para acabar o seu PhD .

Lugar

Universidades e centros de investigación iberoamericanos.

Prazos de solicitude

Derradeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Máis información en:
becas-santander.com

Duración e contía

A duración mínima esixida da estancia será de 2 meses e o seu importe unitario será de 5.000 euros para finanaciar os gastos de aloxamento, desprazamento e manutención.

2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

Os Estados membros da UE ofertan bolsas para realizar estudos no Colexio de Europa. En España o organismo encargado é a AECID.
